



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR
NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 18 DE AGOSTO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

-Decreto polo que se dispón que cese Miguel Rodríguez Barrio como director xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a María do Carme Adán Villamarín.

-Decreto polo que se nomea secretaria xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a María Jesús Lago Vilaboa.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Xuventude e Solidariedade da Secretaría Xeral do Benestar a Rubén Cela Díaz.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

-Decreto polo que se modifica o Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

-Decreto polo que se nomea a Manuel José Fernández Iglesias director xeral de Comunicación Audiovisual

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Ourense a Modesta Concepción Camiña Garrido.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

-Decreto polo que se dispón que cese Juan José Novoa Montero como interventor xeral da Comunidade Autónoma, agradecéndolle os servizos prestados.



-Decreto polo que se dispón que cese Joaquín Caballero Miranda como director xeral de Tributos, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Manuel Galdo Pérez como director xeral de Política Financeira e Tesouro, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Manuel Castro Cotón como director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea a Marta Fernández Currás interventora xeral da Comunidade Autónoma.

-Decreto polo que se nomea a Pedro Antonio Fernández Fernández director xeral de Tributos.

-Decreto polo que se nomea a Eugenio García Lalinde director xeral de Política Financeira e do Tesouro.

-Decreto polo que se nomea a Aureliano García González-Llanos director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

-Decreto polo que se dispón que cese Agustín Hernández-Fernández de Rojas como director xeral de Obras Públicas.

-Decreto polo que nomea a Manuel Morato Miguel como director xeral de Obras Públicas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

-Decreto polo que se dispón que cese Severino Somoza Gómez como director xeral de Persoal, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Alberto González Armesto como director xeral de Centros e Ordenación Educativa, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese María Luisa Castro Casas como directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, agradecéndolle os servizos prestados.



-Decreto polo que se dispón que cese José Eduardo López Pereira como director xeral de Universidades, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Fernando del Pozo Andrés como delegado provincial na Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Jaime Santoalla Varela como delegado provincial en Lugo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Felipe Ferreiro Feijóo como delegado provincial en Ourense da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Fraga Boullosa como delegado provincial en Pontevedra da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a Antonio Vázquez Vázquez.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia a José Ramón Leis Fidalgo.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia a Rogelio Conde-Pumpido Tourón.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

-Decreto polo que se nomea director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación a Salustiano Mato de la Iglesia.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Industria, Enerxía e Minas a Anxo Ramón Calvo Silvosa.

-Decreto polo que se nomea directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información a María Elena Veiguela Martínez.



-Decreto polo que se nomea directora xeral de Comercio e Consumo a Ana María Rúa Souto.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Turismo a Rubén Camilo Lois González.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

-Decreto polo que se dispón que cese Jesús Collar Urquijo como delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural na Coruña, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Manuel López Casas como delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural en Ourense, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial na Coruña a Olga María García Agra.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial en Ourense a Xosé Rodríguez Cid.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

-Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte a Carlos Alberto Amoedo Souto.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Creación e Difusión Cultural a Xosé Luís Bará Torres.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Patrimonio Cultural a Felipe José Arias Vilas.

-Decreto polo que se nomea director xeral para o Deporte a Santiago Xosé Domínguez Olveira.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

-Decreto polo que se dispón que cese Alfredo García Iglesias como director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde a Pablo Vaamonde García

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

-Decreto polo que se dispón que cese Juan Carlos Maneiro Cadillo como director xeral do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Paloma Rueda Crespo como delegada territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Pontevedra-Vigo, agradecéndolle os servizos prestados.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

-Decreto polo que se dispón que cese Javier Ruiz de Almirón Schlung como director xeral de Conservación da Natureza, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese José Manuel Álvarez-Campana Gallo como director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Francisco Maseda Eimil como director xeral de Desenvolvemento Sostible, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Emilio García Gallego como director xeral do organismo autónomo Augas de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Emilio García Gallego como presidente do Consello de Administración da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Conservación da Natureza a Xosé Benito Reza Rodríguez.



-Decreto polo que se nomea director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Joaquín Buergo del Río.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Desenvolvemento Sostible a Emilio Manuel Fernández Suárez.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

-Decreto polo que se dispón que cese Ana Chao Vázquez como delegada provincial de Lugo da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se dispón que cese Joaquín Macías Sánchez como delegado provincial de Pontevedra da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, agradecéndolle os servizos prestados.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial de Lugo da Consellería de Traballo a José Miguel Vázquez Calvo.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial de Pontevedra da Consellería de Traballo a Pedro Borrajo Rivas.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

-Decreto polo que se nomea director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo a Daniel Pino Vicente.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

MOCIÓNS E PROPOSTAS

-Declaración institucional a respecto da recuperación da memoria histórica e da rehabilitación moral, persoal e legal á figura de Alexandre Bóveda.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL A RESPECTO DA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA E DA REHABILITACIÓN MORAL, PERSOAL E LEGAL DA FIGURA DE ALEXANDRE BÓVEDA

1.- O mandato de cambio e rexeneración democrática expresado polo pobo galego non pode asentarse sobre o silencio e o esquecemento de milleiros de cidadáns e cidadás galegos que foron vítimas da represión por defender os valores democráticos do autogoberno e o progreso de Galicia. En consecuencia, a Xunta de Galicia expresa o seu compromiso coa recuperación da memoria histórica democrática, representada singularmente na recuperación, rehabilitación e recoñecemento das vítimas da represión provocada polo levantamento militar de 1936. Este compromiso ha de entenderse como un deber ético, como un acto de xustiza e como unha norma fundamental para garantir a calidade do sistema democrático.

2.- A figura humana e política de Alexandre Bóveda é hoxe recoñecida pola súa contribución decisiva ao autogoberno de Galicia e á propia existencia das institucións galegas. Na longa xeira da recuperación da súa vida e da súa obra, aínda está pendente o recoñecemento por parte das máximas institucións galegas.

3.- En consecuencia, o Goberno galego acorda impulsar a rehabilitación institucional, persoal e moral de Alexandre Bóveda como primeiro e decisivo paso no seu compromiso coa recuperación da memoria histórica.

4.- Ao mesmo tempo, o Goberno galego desenvolverá distintas iniciativas encamiñadas ao coñecemento da verdade histórica, á rehabilitación moral e pública de todas as vítimas galegas da represión da ditadura, á anulación dos xuízos sumarísimos e, en xeral, á reparación dos danos morais e materiais aos que houbera lugar.



MODIFICADO O DECRETO QUE FIXA A ESTRUTURA ORGÁNICA DOS DEPARTAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA

O Goberno galego aprobou hoxe un decreto que modifica o aprobado a semana pasada, que fixaba a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

En concreto, o texto do novo decreto sinala que queda adscrito á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia. Debido a un erro terminolóxico, no decreto aprobado a semana pasada esta entidade figuraba como Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Así mesmo, o texto do decreto aprobado hoxe establece a creación das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Esta modificación realízase co fin de adecuar a denominación das delegacións ao da Vicepresidencia da que dependen.



VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

María do Carme Adán Villamarín

Nacida en Donostia (Guipúscoa) en 1966, María do Carme Adán Villamarín é licenciada en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela (xullo de 1989) e doutora en Filosofía nesta mesma universidade (xullo de 2002).

María do Carme Adán Villamarín iniciou a súa carreira profesional en setembro de 1990, ao ingresar como funcionaria en prácticas no corpo de profesores de Ensinanza Secundaria, sendo nomeada funcionaria de carreira en outubro de 1991. Acadou o destino definitivo como profesora de ensinanzas secundarias de Filosofía no IES Politécnico de Vigo.

Na actualidade é coordinadora da Aula Castelao de Filosofía e membro da Comisión Técnica de Xénero do Consello da Cultura Galega.

En xuño de 2005, María do Carme Adán foi elixida deputada ao Parlamento de Galicia do Bloque Nacionalista Galego pola provincia de Pontevedra.

María do Carme Adán Villamarín publicou dúas obras de carácter disciplinario, ademais de preto dunha quincena de artigos, cinco reseñas e dous capítulos de libros. Tamén escribiu dúas obras de carácter pedagóxico e didáctico, realizou numerosas traducións de artigos e presentou distintas comunicacións en congresos de Filosofía. Así mesmo, participou como relatora e coordinadora en diversos congresos, e asistiu a numerosos cursos, seminarios e actividades relacionadas coa súa especialidade.

María do Carme Adán Villamarín tamén é membro da Aula Castelao de Filosofía e organizadora das *Semanas Galegas de Filosofía* desde o ano 1992; foi membro do comité organizador do congreso *O exilio galego*, celebrado en Pontevedra en xaneiro de 2001; formou parte do comité organizador do congreso *Castelao. Con pensamento en Galiza*, celebrado en Pontevedra en outubro do ano 2000; membro do xurado da XIX edición dos *Premios da Crítica Galicia* na modalidade de Iniciativas Culturais; e participou, no ano 1992, no proxecto *Fundamentos de Sistemas Expertos: Formalización y gestión de la vaguedad en el razonamiento aproximado*, do Ministerio de Educación e Ciencia.



VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

SECRETARIA XERAL DO BENESTAR

María Jesús Lago Vilaboa

Natural de Vigo, María Jesús Lago Vilaboa diplomouse en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela en 1987. Tamén realizou cursos de posgrao en áreas de psicopatoloxía e saúde, e inserción sociolaboral, ademais dun máster en materia de emigración na Universidade de Vigo.

Como profesional dos servizos sociais desenvolveu distintas funcións, tanto en postos de base como en tarefas de coordinación de equipos. María Jesús Lago Vilaboa realizou traballos de organización e coordinación de programas sociais da *Cruz Vermella* de Vigo, concretamente, no servizo de axuda no fogar e refuxiados.

Así mesmo, desenvolveu durante dez anos funcións de xestión e coordinación en materia de inserción sociolaboral de colectivos en situación de desvantaxe social, xestionando distintos proxectos de iniciativas comunitarias como a *Equal*, *Integra* ou *Horizon II*. Tamén realizou tarefas de coordinación no *I Plan de Inclusión Social de Galicia*.

Na actualidade estaba a traballar como técnica da oficina de Emigración do Concello de Vigo.

María Jesús Lago Vilaboa realizou unha importante actividade como relatora e profesora en distintos cursos e participou en numerosas charlas e relatorios relacionados cos distintos campos de actuación social. Tamén é colaboradora da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela.



VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE DA SECRETARÍA XERAL DO BENESTAR

Rubén Cela Díaz

Nacido en Lugo en 1979, Rubén Cela Díaz estuda o último curso da licenciatura de Economía da Universidade de Santiago de Compostela, e ten realizado estudos de especialización en Dereito Tributario.

Participou no movemento estudantil nacionalista, primeiramente, nos Comités Abertos de Estudantes (CAE) e, posteriormente, nos Comités Abertos de Facultade (CAF), formando parte, en diferentes ocasións, dos órganos da Facultade de Economía en representación do alumnado.

No ano 2000, Rubén Cela Díaz foi elixido secretario xeral de *Galiza Nova*, cargo que ocupou ata o 2004.

Tamén é membro fundador, en representación de *Galiza Nova*, da *Free Alliance Europe Youth*, organización de ámbito europeo que incorpora organizacións xuvenís de dez estados da Unión Europea.

Así mesmo, Rubén Cela Díaz participou activamente en diferentes debates asemblearios do Consello da Xuventude de Galicia (CXG).

Actualmente é membro do Consello Nacional do Bloque Nacionalista Galego.



PRESIDENCIA

DIRECTOR XERAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

Manuel José Fernández Iglesias

Manuel José Fernández Iglesias é enxeñeiro de Telecomunicación (1990) e doutor enxeñeiro de Telecomunicación (1997) pola Universidade de Vigo. Actualmente é profesor titular na ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación, onde imparte docencia e realiza tarefas de investigación no ámbito dos novos servizos de telecomunicación e protocolos de comunicacións. Ademais é comisionado para o Espazo Europeo de Educación Superior da dita Universidade, con rango de vicerreitor.

Fernández Iglesias é membro do Grupo de Promotores de Bolonia da Dirección General de Universidades, do Ministerio de Educación y Ciencia, onde realiza labores de promoción e difusión do novo modelo de Universidade homologado con Europa. Anteriormente ocupou diversos cargos no ámbito académico e profesional: secretario da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia de Galicia e vogal da demarcación galega do Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación, subdirector de relacións externas e actividades da ETS de Telecomunicación de Vigo, secretario da citada escola, e secretario do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacións.

Manuel José Fernández Iglesias publicou case que un cento de artigos en revistas e actas de congresos especializados, e participou en numerosos proxectos de I+D con empresas e institucións do sector TIC, sendo, ademais, experto avaliador da Comisión Europea neste tipo de proxectos.



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DELEGADA PROVINCIAL EN OURENSE

Modesta Concepción Camiña Garrido

É ourensá e ten dúas fillas. É mestra e exerceu como profesora de Ciencias Sociais no Primeiro Ciclo da ESO. Actualmente dispón dunha praza definitiva no I.E.S. Aquis Querquernis de Bande (Ourense). Así mesmo, está en disposición das habilitacións para Ciclo Inicial e Medio, Filoloxía en Lingua Galega e Ciencias Sociais.

En 1968 obtivo o seu primeiro nomeamento na escola unitaria de Castro Caldelas (Ourense). Posteriormente, traballou como mestra en diferentes colexios tanto na provincia de Ourense como na provincia de León, sempre no medio rural.

Entre 1986 e 1998 foi directora do C.E.I.P. Xoaquín Lourenzo de Bande (Ourense) e, con posterioridade, profesora de Ciencias Sociais no I.E.S. Aquis Querquernis da mesma localidade.

Destaca a súa faceta sindical dende a UGT, central na que foi Secretaria Xeral de Ensino dende o ano 1992 ata o 2002, e Secretaria Xeral en Ourense dende o ano 2002.

De xeito paralelo, Modesta Concepción Carmiña Garrido é presidenta do Movemento de Renovación Pedagóxica Escola Viva de Ourense dende 1992, promovendo e coordinando múltiples xornadas de renovación. Asemade, é fundadora e directora dende 1999 da Aula de Teatro Escola Viva de Ourense, e colabora coa Asociación Ecolóxica Ridimoas, Amnistía Internacional, Cruz Vermella Española e coa Asociación Xanela de mulleres do medio rural da Baixa Limia.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

INTERVENTORA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Marta Fernández Currás

Nacida en Vigo, é licenciada en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Currás pertence ó Corpo de Inspectores de Facenda do Estado e é Interventora do Estado.

No ámbito docente, exerce como profesora asociada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade viña exercendo como Xefa da Dependencia Rexional de Recadación da Axencia Tributaria en Galicia.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

DIRECTOR XERAL DE TRIBUTOS

Pedro Antonio Fernández Fernández

Naceu en Benavides de Órbigo (León), en 1952. É, dende 1995, funcionario da Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia.

Tras licenciarse en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, en 1974, fica como profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais desta institución universitaria ata 1979.

Nese ano, obtén praza como funcionario do Corpo Especial de Xestión de Facenda, especialidade de Inspección Auxiliar, do Ministerio de Facenda. Un labor que desempeña ata que en 1983 é nomeado Xefe de Servizo de Réxime Xurídico na Dirección Xeral de Tributos, da Consellería de Economía, Facenda e Comercio, cargo que ocupa ata 1985.

Na súa seguinte responsabilidade exerce como Subdirector Xeral de Tributos da Dirección Xeral de Tributos, cargo que desempeña ata 1991, cando é nomeado tenente de alcalde e concelleiro delegado de Urbanismo no Concello de Santiago de Compostela, ata 1999.

Finalizado este período e ata a actualidade, ven desempeñando a Xefatura de Sección de Control e Inspección na Subdirección de Caixas de Aforro.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Eugenio García Lalinde

Nacido en Plasencia, en xullo de 1950, é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela.

García Lalinde ten unha longa experiencia profesional no eido bancario e de seguros. Foi economista nos departamentos Financeiro e de Estudos do Banco do Noroeste e no Departamento de Reaseguros de Seguros Galicia, no ano 1974.

Posteriormente, foi analista financeiro do Banco Industrial de Bilbao, en Vigo, ata o ano 1979, cando pasou a desenvolver a Dirección de Investimentos desta entidade a nivel galego, ata 1985.

Dende ese ano, e ata 1989, desempeña a subdirección para Francia do Banco de Bilbao. Ao ano seguinte é nomeado Director de Xestión Internacional do BBV e un ano máis tarde, Director Provincial do BBV en Lugo.

Tras un período de cinco anos desempeñando ese labor, García Lalinde foi encargado da Dirección Comercial e de Marketing de Direct Seguros, tarefa que concluiu en 2001 cando recalou novamente no BBV, para desempeñar a Dirección de Marketing, no sector Seguros.

García Lalinde ten asemade, unha ampla experiencia docente como o testemuñan os seus cinco anos como profesor de Análise de Investimentos e de Sistemas Financeiros no Centro de Formación do BBV na Coruña ou como profesor de Marketing na Escola de Finanzas do BBVA en Madrid.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E FONDOS COMUNITARIOS

Aureliano García González-Llanos

Naceu en xuño de 1951 en Luanco, Asturias. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, é tamén diplomado en Comunidades Europeas pola Escola Diplomática, así como diplomado en Xestión Hospitalaria polo Insalud e diplomado pola Organización Mundial da Propiedade Intelectual. Na actualidade desempeña o cargo de xerente da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Santiago de Compostela.

Foi subdirector xeral de Promoción e Desenvolvemento Industrial da Xunta entre os anos 1981 e 1982. Dende aquí é chamado a desempeñar a dirección xerente da empresa Equipamentos Comerciais de Galicia, na que permanece ata 1985.

Nese ano, é nomeado asesor no Gabinete do Ministro de Transportes, Turismo e Comunicacions, labor que desenvolve ata que en 1986 é designado vogal do Consello de Administración da empresa Aldeasa.

Durante 1987, encárgase da dirección de xestión do Hospital de Asturias, en Oviedo, dende onde é chamado para exercer de asesor para temas económicos da Oficina do Portavoz do Goberno, na Moncloa.

Entre 1989 e 1993, encárgase da Dirección de Xestión do Hospital Juan Canalejo, período no que esta institución é elixida Hospital do Ano pola revista *El Médico*.

Na súa experiencia profesional salienta asemade o labor desenvolvido no eido universitario. Así, entre 1994 e 1995 exerce como profesor asociado da Universidade de Vigo; entre 1995 e 1998, como xerente da Universidade de Santiago e entre 1999 e 2004, como xerente da Sociedade Xestora de Intereses desta institución.

Conta, asemade, con ampla experiencia docente, entre a que destaca o seu labor como director do Curso de Postgrao en Xestión Hospitalaria impartido na Universidade da Coruña. Da súa autoría son máis dunha decena de publicacións.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS

Manuel Morato Miguel

Nacido en Madrid en setembro de 1950, Manuel Morato Miguel está casado. Licenciado en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos pola Escola Técnica Superior da Universidade Politécnica de Madrid en 1973, Morato Miguel conta con dez cursos de posgrao, entre os que salientan os relacionados con Xeoloxía de Túneles ou Planificación Territorial.

Iniciou a súa carreira profesional como enxeñeiro de proxectos de edificación no mesmo ano que se licenciou e, ao ano seguinte, ocupou o posto de enxeñeiro de proxecto de centrais nucleares en Empresarios Agrupados, pertencendo á División Nuclear de Técnicas Reunidas S.A.

En 1981, entra a formar parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Madrid como enxeñeiro na sección de urbanizacións. Tres anos máis tarde obtén a praza de funcionario do Concello e manterase nese departamento ata 1988.

Nese mesmo ano é nomeado enxeñeiro director do Plan de Actuación Municipal no Concello de Santiago de Compostela, responsabilidade que desenvolverá ata 1995.

É entón cando ingresa na Administración Autonómica galega como xefe de servizo de proxectos e obras da Subdirección Xeral de Estradas da Consellería de Política Territorial, cargo no que se manterá ata xuño de 2004.

Na actualidade era director de construción da empresa pública *Autoestrada Central de Ourense S.A.*, creada para rematar a vía entre Santiago e Ourense.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Antonio Vázquez Vázquez

Naceu en Cenlle (Ourense) en 1955. Actualmente, reside en Vigo, está casado e ten dous fillos. É licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

En 1980 comeza a súa labor docente como Profesor Numerario de Escolas de Mestría Industrial na área de Xeografía e Historia. Impartiu clases en Tapia de Casariego (Asturias), Pontearreas e Vigo.

Coordina un Seminario de Profesores que traballa sobre Didáctica de Xeografía, Historia e Ciencias Sociais dende 1990. Ten participado, asemade, en grupos de traballo, xornadas e outras actividades relacionadas coa organización de centros escolares.

Dende 1996 é Director do I.E.S. de Teis en Vigo.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

José Ramón Leis Fidalgo

Naceu na Coruña en 1958. Está casado e é Doutor en Química e Catedrático de Química Física na Universidade de Santiago de Compostela. Ten realizado estudos de especialización posdoutoral na Universidade de Durham (UK), University College London e University College Swansea (UK). Foi profesor invitado na Universidade de París VII.

Foi director dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación da USC dende 1994 ata 1998, que pasou a ocupar o Vicerreitorado de Investigación e Dirección do Centro de Posgrao e Formación Continua ata 2002.

É autor de máis de cen publicacións internacionais recollidas no Science Citation Index. Director de dez teses doutorais e numerosos proxectos de investigación nacionais e internacionais no eido da Reactividade Química. É membro do Comité Permanente do European Conference on Organic Reactivity dende 1993.

Así mesmo, dirixe un grupo de investigación de quince persoas realizando investigacións nos campos da reactividade química e a química dos sistemas coloidais colaborando estreitamente con grupos internacionais destacados.

Na actualidade, é Decano da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela, así como Presidente da Comisión de Selección de Investigación da Xunta de Galicia e Coordinador da Plataforma Universitaria Progresista da USC.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Rogelio Conde-Pumpido Tourón

É natural de Pontevedra, está casado e ten dúas fillas. É Doutor en Ciencias Químicas e na actualidade era director da Oficina de Investigación e Tecnoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, e, como tal, adxunto ao vicerreitor de Investigación responsabilizándose da xestión técnica e administrativa da actividade de I+D e transferencia de tecnoloxía na universidade compostelá.

Como especialista en xestión da Innovación e relacións Universidade-Empresa foi coordinador da Rede de Oficinas de Transferencia de Tecnoloxía das Universidades españolas (Red OTRI) e membro do Consello de Dirección da Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT), participando en diferentes relatorios sobre política científica e tecnoloxía tanto a nivel autonómico como estatal.

Ten sido profesor en conferenciante en numerosos Cursos e Masters relacionados coa xestión da Investigación, a Innovación e a Transferencia de tecnoloxía. Así mesmo, é codirector do Master de Análise e Xestión da Innovación Tecnolóxica organizado pola USC durante os cursos 1994-2000.

Como investigador, é especialista en materiais cerámicos, e, como tal, ostenta o cargo de Secretario do Instituto de Cerámica de Galicia. (Entidade mixta, creada pola USC e a Asociación Galega de Industrias Cerámicas)

Neste ámbito é autor de publicacións de carácter científico-técnico e cotitular de varias patentes. Participou como investigador en numerosos proxectos e contratos de I+D, tanto no eido dos materiais como sobre Xestión de Innovación, desenvolvidos no marco autonómico, nacional e europeo.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DIRECTOR XERAL DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

Salustiano Mato de la Iglesia

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela é doutor en Bioloxía por esta institución académica e ten realizado o postdoutoramento nas universidades de Cornell e Rutgers de Estados Unidos, no eido da compostaxe. Na actualidade desempeña a vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo, cargo que ostenta dende 1988.

A súa experiencia profesional está moi vencellada ó mundo universitario, no que ten desenvolvido, entre outras responsabilidades, o cargo de Vicedecano da Facultade de Ciencias de Ourense; a Dirección do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo ou o Decanato da Facultade de Ciencias de Vigo, ademais de ser membro da Executiva da Sectorial de I+D+i da CRUE.

A súa experiencia docente é ampla. Ten sido profesor da Escola Técnica de Enxeñeiros Agrónomos de Lugo; profesor da Facultade de Ciencias de Ourense e, dende o ano 2000, exerce como catedrático na Universidade de Vigo con docencia na Facultade de Bioloxía.

Asemade, publicou máis de cen traballos científicos dos cales máis da metade o foron en revistas de ámbito internacional, no campo da Ecoloxía do Solo e do Tratamento de Residuos.

Tamén dirixiu nove teses de doutoramento e numerosas tesinas de licenciatura e proxectos de fin de carreira, así como máis de 40 proxectos de investigación.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DIRECTOR XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

Anxo Ramón Calvo Silvosa

Nacido na Coruña en 1967, é Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade da Coruña e Licenciado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela.

Actualmente, ocupa o cargo de Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica da Universidade da Coruña e Profesor Titular da Área Economía Financeira e Contabilidade.

Así mesmo, é membro do Consello Económico e Social, do Consello de Administración do BIC Galicia e dos Padreados das Fundacións da Universidade de da Coruña e do Parque do Río do Pozo do Ferrol.

É especialista en temas de Estratexia e Planificación Económica.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DIRECTORA XERAL DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL E SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

María Elena Veiguela Martínez

Pertence ao corpo de catedráticos de matemáticas de Bacharelato, actualmente en excedencia. En xaneiro de 1993 ingresou no Corpo Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración Xeral do Estado.

Ata o de agora, veu desempeñando o cargo de Subdirectora Xeral de Tecnoloxías e Sistemas de Información do Ministerio de Cultura da Administración Xeral del Estado, posto no que cesa.

Ten dirixido directamente proxectos relacionados coa introdución da Sociedade da Información como son:

- Proxectos informáticos de información e servizos culturais do Ministerio de Cultura (1997-2005).
- Proxecto *Mentor*, formación de adultos non regrada, a distancia e a través de vía telemática, con destino a zonas desfavorecidas e sen oferta formativa (1992).
- Proxecto *Atenea*, de introdución dos ordenadores nas escolas e centros de secundaria (1984-1996).



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DIRECTORA XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Ana María Rúa Souto

Nacida en Chantada (Lugo) en 1964, vive na Coruña. É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade exercía como avogada. Conta ademais con estudos en Ciencias Políticas.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DIRECTOR XERAL DE TURISMO

Rubén Camilo Lois González

Naceu en Palas de Rei, Lugo, en 1961. Casado, na actualidade é decano da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, na que obtivo o Premio Extraordinario de Doutoramento en Xeografía no ano 1991.

O seu labor está moi ligado á actividade investigadora. Así, é dende 1992, membro do Comité Científico do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega), no que exerce como coordinador da área de traballo *Estudos Territoriais e Ordenación do Territorio*.

Dende 1995 é membro do Consello Editor da colección *Documentos de Traballo* do Idega e coordinador da área de Xeografía. É, así mesmo, investigador principal do grupo 040-06 da Universidade de Santiago de Xeografía Urbana e Xeografía Social. Exerceu tamén, entre 1995 e 1999, como investigador asociado *da Unité Mixte de Recherches* (UMR) do CNRS francés, *Espaces géographiques et Sociétés* das universidades de France Ouest (Angers, Caen, Le Mans, Nantes e Rennes).

Autor dun total de oitenta libros e capítulos de libros e de máis de corenta artigos publicados en revistas científicas, ten dirixido doce teses doutorais e 23 tesinas.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DELEGADA PROVINCIAL NA CORUÑA

Olga María García Agra

Nacida en Betanzos en 1946, é Licenciada en Dereito e Funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.

Leva doce anos traballando na Administración autonómica. Na actualidade, ocupaba o cargo de xefa de Área Xurídica da Delegación Provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, desempeñando as funcións de vicevaledora segunda dende o ano 2002.

Con anterioridade ao seu ingreso na Administración, traballou vinteún anos no Banco Pastor.

Ten publicado estudos sobre A concentración Parcelaria na Galiza, realizado xunto cos técnicos Gonzalo Flores e Claudio López e publicado pola revista Análise Empresarial.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Xosé Rodríguez Cid

Naceu en Outomuro –Cartelle- en 1957. Diplomado en EXB, nestes momentos exerce como mestre da ESO no Colexio San Marcos de Cartelle.

Sempre estivo moi vinculado ao mundo labrego e rural, foi fundador da cooperativa gandeira ARNELA da comarca Terras de Celanova.

Na actualidade é o responsable da comisión nacional do Agro do BNG. Exerce, ademais, de voceiro municipal do Concello de Cartelle dende o ano 1991.

Forma parte do Consello Nacional do BNG dende o ano 1991.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

SECRETARIO XERAL

Carlos Alberto Amoedo Souto

Carlos Alberto Amoedo Souto (A Coruña, 1970) vive en Cambre e é licenciado en Dereito, ademais de doutor nesta materia pola Universidade da Coruña (1998).

Desde o ano 2002 é catedrático da Escola Universitaria de Dereito Administrativo, impartindo clases na Facultade de Dereito da Coruña e de Humanidades de Ferrol.

Entre as súas publicacións destaca o primeiro estudo sobre a Policía Autonómica (*Seguridade Pública e Policía Autonómica*, Xunta de Galicia, Santiago 1995), e o libro *Tragsa. Medios propios de la Administración y huida del Derecho Administrativo*, Barcelona, Atelier, 2004.



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DIRECTOR XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL

Xosé Luís Bará Torres

Nacido en Vilaboa en 1965, Xosé Luís Bará Torres é licenciado en Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desde o ano 1988, desenvolveu o seu labor docente como profesor de Lingua e Literatura Galega.

En 1999 pediu a excedencia para pasar a desempeñar o cargo de concelleiro de Cultura en Pontevedra, etapa durante a cal impulsou diversas iniciativas relacionadas coa recuperación da memoria histórica e a dinamización cultural do municipio. Na súa etapa como concelleiro cabe destacar o carácter aberto e participativo da institución, procurando, en todo momento, a implicación activa da cidadanía e das entidades sociais.

No ano 2000 recibiu o premio *Voces de Pontevedra*, no apartado de Cultura, pola programación do *Ano Castelao*, e no ano 2004 a *Federación de Libreiros de Galicia* concedeulle á Concellería de Cultura de Pontevedra o premio *Irmandade do Libro*, no apartado de institucións, polo labor de fomento do libro e da lectura. Este departamento municipal tamén foi galardoado co *Premio da Crítica de Galicia* no apartado de música, pola programación do ano 2004, *Ano da Música. Centenario do disco galego (1904-2004)*.

Xosé Luís Bará Torres é autor, xunto con Manuel Lourenzo González, de catro libros sobre didáctica da lingua.



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Felipe José Arias Vilas

Nacido en Lugo en 1949, Felipe José Arias Vilas licenciouse en Filosofía e Letras (sección Xeografía e Historia) pola Universidade de Santiago de Compostela en 1971, con premio extraordinario de licenciatura por unha tese sobre as murallas romadas de Lugo, publicada en 1972. Ata 1974 exerceu como profesor de Historia e Arqueoloxía e Boleiro de investigación nesta universidade.

Como técnico facultativo superior de museos, Felipe José Arias Vilas foi director-conservador do Museo Provincial de Lugo entre os anos 1976 e 1984. Desde 1983 dirixe o Museo do Castro de Viladonga, así como os traballos arqueolóxicos deste xacemento castrexo e galaico-romano.

Membro de diversas entidades de carácter académico, científico e cultural, Felipe José Arias Vilas é patrono fundador do Museo do Pobo Galego. Así mesmo, ten participado en numerosas reunións científicas por toda a península, así como en varias campañas de escavación e prospección arqueolóxica.

Tamén é autor de proxectos e inventarios relacionados co patrimonio cultural e de máis de duacentas publicacións e colaboracións sobre arqueoloxía, historia antiga, museoloxía e patrimonio cultural. Ten participado en máis de 250 conferencias e mesas redondas relacionadas con estas materias, dentro é fóra da Comunidade galega.



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DIRECTOR XERAL PARA O DEPORTE

Santiago Xosé Domínguez Olveira

Santiago Xosé Domínguez Olveira (Vigo, 1964) é diplomado en Filoloxía Inglesa. Tamén posúe o título de adestrador de baloncesto.

Desde 1990 é responsable da política deportiva do Bloque Nacionalista Galego en Vigo e desde 1991 forma parte do Consello de Administración do Instituto Municipal de Deportes deste municipio pontevedrés.

En 1999 e ata o ano 2003 foi nomeado concelleiro de Deportes, Xuventude, Sanidade e Consumo en Vigo. No 2003 foi nomeado concelleiro de Cultura da corporación municipal. Desde xaneiro de 2005 e ata o de agora exerceu de voceiro do grupo municipal do BNG en Vigo.

Santiago Xosé Domínguez Olveira é tamén membro da Executiva Nacional do BNG, como secretario de Comunicación e do Consello Nacional.

Así mesmo, ten participado en numerosos relatorios e coloquios relacionados co mundo do deporte.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA

Pablo Vaamonde García

Nacido na Baña (A Coruña) en 1956, é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, posúe o título de Magister Universitario en *Xestión, Avaliación e Control de Proxectos, Programas e Servicios Sociosanitarios* pola Universidade Complutense de Madrid.

Desde 1990 exerce como médico de familia no Servizo de Atención Primaria de Labañou (A Coruña), actividade que compatibiliza coa presidencia da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) (desde 1996) e a dirección da revista médica *Cadernos de Atención Primaria*, editada pola AGAMFEC, desde o ano 1994.

En 1998 foi nomeado vicepresidente do Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

Con anterioridade foi director do Centro de Saúde de Estepona (Málaga), coordinador do Servizo de Atención Primaria de Labañou (A Coruña) e director asistencial da Xerencia de Atención Primaria da Coruña.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

Xosé Benito Reza Rodríguez

Nacido en 1956 en Celanova, Ourense, é licenciado en Enxeñería Superior de Montes pola Universidade Politécnica de Madrid e Diploma de Directivo da Xunta de Galicia. Pertence ós Corpos Especiais de funcionarios da Xunta de Galicia e, na actualidade, estaba destinado na Delegación de Ourense da Consellería de Medio Ambiente.

A súa experiencia profesional está ligada á administración medioambiental autonómica, onde ten desempeñado diversas responsabilidades. Entre 1981 e 1988, exerce de xefe de sección do Servizo de Montes en Ourense, de onde dá o salto á xefatura do Servizo de Medio Ambiente Natural desta provincia, cargo no que se mantén ata 1997.

Entre 1997 e 1998 responsabilízase da Xefatura do Servizo Galego de Espazos Naturais Protexidos da administración galega e, entre este ano e 1999, da Xefatura de Servizo de Conservación da Biodiversidade da Xunta. Dende esa data e ata a actualidade exerce como xefe de área do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais en Ourense.

Reza Rodríguez ten asemade ampla experiencia na dirección de espazos naturais. Entre 1995 e 1999 é nomeado promotor e director-conservador do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, así como director-conservador do Parque Natural O Invernadoiro e coordinador do Programa Interparques (Interreg II) do Parque Nacional Peneda Gêrès (Portugal) e Baixa Limia-Serra do Xurés.

Entre outras responsabilidades, foi membro do Comité Nacional de Flora e Fauna do Ministerio de Medio Ambiente (1997-1999) e da Sección Española da Federación de Parques Naturais e Nacionais de Europa no mesmo período. E tamén coordinou, como xefe do Servizo de Conservación da Biodiversidade, a Proposta da Rede Natura 2000 para Galicia, así como a Estratexia Galega de Conservación e Uso Sostible da Biodiversidade.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Joaquín Lucas Buergo del Río

Nacido en Llanes, Asturias, é Enxeñeiro Técnico Agrícola pola Universidade de Valencia.

É funcionario da Consellería de Medio Rural, no Corpo de Enxeñeiros Técnicos con destino no Fondo Galego de Garantía Agraria.

Na súa traxectoria profesional ten desempeñado os postos de xefe de sección da Consellería de Agricultura, director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural (1987-1989), Concelleiro de Santiago de Compostela (durante seis anos) e xefe do Gabinete do Alcalde de Santiago de Compostela ao longo de cinco anos.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Emilio Manuel Fernández Suárez

Nacido en Vigo en 1961, está casado e ten un fillo. É Doutor en Bioloxía por la Universidade de Oviedo. Realizou a súa formación post-doutoral no Plymouth Marine Laboratory do Reino Unido e na Universidade de Miami (EEUU)

É profesor Titular de Ecoloxía da Universidad de Vigo e Imparte docencia en Medio Ambiente na Facultade de Ciencias do Mar, Facultade da que é Vicedecano na actualidade.

Investigador principal de 7 proxectos financiados polo Ministerio de Educación y Ciencia e de 4 financiados pola Unión Europea. A súa traxectoria investigadora concrétese en 80 traballos publicados en revistas de recoñecido prestixio internacional. Director de 4 Teses Doutorais e 6 Teses de Licenciatura. Estes traballos xenéranse, na súa meirande parte, a partir dos estudos realizados en unha veintena de campañas oceanográficas desenvolvidas en augas do Atlántico e da Antártida nas que ben participou ou actuou como director científico.

Participou en diversas comisións de expertos para a selección de proxectos de investigación financiados pola Xunta de Galicia o Ministerio de Educación y Ciencia, a Unión Europea, Chile e Arxentina.

Desenvolve unha notable actividade divulgativa no eido medioambiental principalmente mediante a impartición de conferencias en xornadas organizadas por concellos e en centros de ensinanza media.

Na actualidade é membro do Comité Español de Investigación del Cambio Global (CEIGAC) constituído polo Ministerio de Educación y Ciencia.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE TRABALLO

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

José Miguel Vázquez Calvo

Naceu en Lugo en xullo de 1941, está casado e ten un fillo.

Licenciado en Filosofía e Letras, foi delegado provincial da Consellería de Traballo e Benestar Social.

Asemade, exerceu de xefe do Gabinete Técnico do Goberno Civil de Lugo.

Tamén ten desenvolvido labores docentes como profesor de ensinanza secundaria.



CONSELLERÍA DE TRABALLO

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

Pedro Borrajo Rivas

Naceu en Almoite de Baños de Molgas (Ourense), é diplomado en Maxisterio e conta con estudos de Psicoloxía e Ciencias da Educación cursados na Universidade Autónoma de Barcelona.

Actualmente é profesor de ensino secundario obrigatorio no Instituto *A Sangriña* da Guarda (Pontevedra).

O seu labor profesional está ligado ó mundo do ensino, xa que ven exercendo como profesor dende o ano 1970. Neste eido, foi director do colexio *Doutor Ferro* en Viladecáns (Barcelona) no ano 1977 e director do Colexio *M. R. Sinde* na Guarda (Pontevedra) no ano 1982.

No campo político, foi deputado do Parlamento de Galicia na III Lexislatura, na que formou parte das comisións de Sanidade e Política Social e Emprego e da de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo. Repetiu como parlamentario na VI Lexislatura, na que participou na Comisión de Educación.



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

DIRECTOR XERAL DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

Daniel Pino Vicente

Naceu en Forcadela (Baixo Miño) no 1943. É licenciado en Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais pola Universidade Complutense de Madrid. Conta cunha ampla experiencia no eido do urbanismo. Entre os seus traballos máis salientables atópase a elaboración dos planos xerais municipais en multitude de concellos galegos (Vilagarcía de Arousa, Cesures, Brión, Noia, Fisterra, Carnota, Allariz, Illa de Arousa, Vigo, Ribadavia, Pontevedra, Pontedeume, Castrelo de Val, A Guarda...).

Da súa autoría son tamén plans urbanísticos supramunicipais en Pontevedra e Navarra, así como múltiples plans especiais de conxuntos histórico-artísticos (Corcubiión, Betanzos, Combarro, Allariz, Fisterra, O Castro de Vilagarcía, Santa Tegra na Guarda, Casco Vello de Vigo...)

Ten realizado o planeamento da Delimitación e Protección do Camiño de Santiago en Galicia (Tramos de Lugo e A Coruña ata Compostela), así como de varios Espazos Naturais (Plan Especial do Cabo de Fisterra, Plan Especial da Punta dos Remedios de Carnota...). Tamén é autor de varios estudos pilotos de rehabilitación integral como o dos Xardíns do Pasatempo (Betanzos), a Ribeira Sacra ou o Castelo e Fortaleza de Monterrei. No eido da rehabilitación ten exercido labores de xestión en Allariz, Vigo ou Monforte.

O seu traballo profesional tenlle reportado máis de 90 premios, entre os que salientan o Premio Nacional de Urbanismo de 1981 (accésit) polo Plan Especial de Protección do Pazo de Oca e o seu contorno; o Premio Galicia de Deseño de 1985 polo Plan Xeral de Ordenación de Vilagarcía e o Plan Especial do Castro, así como o Premio Europeo de Urbanismo de 1994 polo labor de Ordenación e Recuperación Integral do Conxunto Histórico Artístico de Allariz e o seu Río.

No ámbito docente, foi profesor na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (1996-2000) e profesor convidado na Escola Nacional da Administración Pública (INAP) dende 1999. É, asemade, autor de numerosas publicacións técnicas e literarias.